



RESOLUCIÓN DA XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DA CORUÑA POLA QUE PUBLICA A RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS E OS RESULTADOS DEFINITIVOS DE BAREMACIÓN NO PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE VOLUNTARIA PROVISIONAL NO ÁMBITO DA ESTRUTURA ORGANIZATIVA DE XESTIÓN INTEGRADA DA CORUÑA.

Con data 27 de xaneiro de 2017 asinouse Acordo entre a Xerencia de Xestión Integrada da Coruña e os representantes dos traballadores das centrais sindicais CCOO, CESM-OMEGA, CIG, SAE e UXT co obxecto de regular os procesos de mobilidade voluntaria provisional dentro do ámbito territorial da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Área Sanitaria de A Coruña.

Despois de publicada a resolución de 4 de abril de 2017 coa relación provisional de solicitantes admitidos/as e excluídos/as e os resultados provisionais de baremación, rematado o prazo de reclamación contra a dita resolución e analizadas as reclamacións presentadas, esta Xerencia de Xestión Integrada, de conformidade coa base sexta do Acordo de mobilidade provisional,

RESOLVE

Primeiro: Publicar a relación definitiva de solicitantes admitidos/as e excluídos/as e os resultados finais de baremación no procedemento de mobilidade voluntaria provisional no ámbito da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de A Coruña.

Segundo: Os anexos coas listaxes mencionadas no apartado anterior poderán examinarse no taboleiro de anuncios da Xerencia de Xestión Integrada A Coruña, na web do Espazo do profesional e no taboleiro de anuncios da Dirección do Hospital Virxe da Xunqueira de Cee.

Ademais, o estado de cada solicitude pode ser consultado polo/a solicitante no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos/mobilidade voluntaria interna.

Terceiro: De acordo co establecido na base sexta do Acordo de mobilidade provisional, procederase a oferta das prazas aos aspirantes que acrediten maior puntuación para cada un dos Centros con vacantes ofertadas. A aceptación da oferta comportará a incorporación obrigatoria de conformidade coa base décima.

Cuarto: Publicarase a relación de prazas adxudicadas con carácter provisional no taboleiro de anuncios da Xerencia de Xestión Integrada A Coruña, na web do Espazo do profesional e no taboleiro de anuncios da Dirección do Hospital Virxe da Xunqueira de Cee.

A Coruña a 21 de abril de 2017
O Xerente da Xerencia de Xestión Integrada de A Coruña

Asdo.: Luis Verde Remeseiro

DILIXENCIA, que se expide para facer constar que a presente resolución foi publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Espazo do profesional da Xerencia de Xestión Integrada de A Coruña o día 21 de abril de 2017.

O Director de RR.HH. da Xerencia de Xestión Integrada de A Coruña

Asdo.: Javier Fernández Nistal